

Indicar cal das tres solucións significa o mesmo que a resaltada

1. Por levar esa vida anda á miñoca o Pedro.

- Vive como un rei.
- Non ten para comer.
- Aliméntase de miñocas.

2. Se o vexo, vou ter unhas palabras con el.

- Rifar, botar algo en cara.
- Conversar un anaco.
- Contar unha historia.

3. Agarda, que vou facer de corpo e xa volvo.

- Evacuar a urina.
- Defecar.
- Vomitar, trousar.

4. Paréceme que a ese lla van armar con queixo se non se move.

- Atraelo a engano con algo apetecíble.
- Darlle un golpe no queixo.
- Collelo durmido.

5. Hoxe o André está que non lle colle un grao de millo no cu.

- Como un meniño con zapatos novos.
- Moi ben sentado e acomodado.
- Moi duro de ventre.

6. A D. Afonso, desta vez saíulle a burra capada.

- Estaba xogando á baralla e saíulle o cabalo de bastos.
- Resulta que a súa burra non pode ter burriños.
- Saíulle mal un negocio e perdeu cartos.

7. Cando escoitei iso, dixen coa miña lingua pequena: vai haber barullo.

- Dikir con voz insegura e tímida.
- Dikir en voz baixa, en segredo.
- Dikir para si, pensar.

8. Sabedes o que me contestou? Pois: xa se meteu o demo a predicador.

- Es moi gracioso predicando.
- Estás a dar consellos, ti que es o menos indicado.
- Iso parece cousa do demo.

9. Parece que o seu avogado está decidido a tirar da manta.

- Refrescar o corpo.
- Ver de que cor son as sabas.
- Descubrir a verdade caía quen caía.

10. Que fai? Pois, ultimamente, anda aos grilos.

- Ocúpase en cousas sen utilidade, vas.
- Caza grilos e véndeos a unha fábrica de conservas.
- Anda coa cabeza nas nubes.

11. Amigo, penso que con eses métodos vas mallar en ferro frío.

- Facer moita forza.
- Cansarte moito.
- Perder o tempo.

12. Non hai que lle facer, é un Xan debaixo da cama.

- Non fai máis que durmir.
- É unha persoa sen vontade, sen valor.
- Todo o fai ao revés.

13. A Andrea pretende meterme os dedos polos ollos.

- Apagar a luz.
- Que crea o contrario do que está claro.
- Dar-me unha labazada.

14. Se fallas, vaiche caer o pelo.

- Romper a cabeza.
- Recibir o xusto castigo.
- Ficar case calvo.

15. Sempre anda a lavarlle a cara a D. Rosendo.

- Adulándoo, loándoo.
- Resolvéndolle os problemas nos que se mete.
- Facéndolle a limpeza persoal.

16. O mellor vai ser dar sebo aos pés.

- Saír de vagar e en silencio.
- Gobernar os pés para que non manque o zapato.
- Fuxir canto antes e lixeiro.

17. Esquece ese asunto, que sería botarlle aceite ao lume.

- Aumentar o interese.
- Irritar os ánimos.
- Avivar a labarada e o fume.

18. Púxose coma un pito ao saír da escola.

- Entroulle unha alegría tola.
- Enfadouse moito.
- Mollouse todo.

19. A ese vanlle calcar as costelas un día destes.

- Mallarlle o lombo.
- Operalo da columna vertebral.
- Empurralo forte e sen consideración.

20. Veña, que xa me comeza a ladrar o estómago.

- Ter fame.
- Ter a dixestión pesada.
- Impacientarse.

21. Parece mentira, déitase coas galiñas e anda cheo de sono.

- Déitase no poleiro.
- Dorme coa cabeza moi alta.
- Déitase moi cedo.

22. Vaia, xa botaches a lingua a pacer!

- Botaches a lingua fóra en sinal de burla.
- Dixeches unha barbaridade.
- Puxécheste a comer.

23. Se queres conseguir algo del, has de lle untar o carro.

- Atraelo á túa causa con regalos.
- Arranxarlle o eixo da carreta.
- Darlle unha malleira.

24. Pronto me decatei de que María lle enchía o ollo a Martiño.

- Gustáballe, caíalle ben.
- Facíao chorar.
- Facíao rir ás gargalladas.